



Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 12.02.2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- CORRECCIÓN DE ERRO NA PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO 2020. 2020/SUBCC/000003.

Detectado un erro na proposta á XGL de data 07.02.2020, para a aprobación da convocatoria e bases reguladoras dos premios do Entroido 2020, sinalada no asunto é polo que en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, a efectos de subsanar o erro material descrito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

ÚNICO.- Corrixir os erros producidos no acordo de data 10.02.2020 de xeito que onde pon:

“1.Pola Concelleira Delegada de Patrimonio municipal e Festas, con data 22.01.2020, fórmulase proposta para o establecemento duns premios aos participantes nos diferentes concursos que terán lugar durante o Entroido, como son o desfile, o concurso de murgas e a mostra da parodia, por un importe máximo de trinta mil euros (37.250,00 €)(...)”

debe poñer:

1. Pola Concelleira Delegada de Patrimonio municipal e Festas, con data 22.01.2020, fórmulase proposta para o establecemento duns premios aos participantes nos diferentes concursos que terán lugar durante o Entroido, como son o desfile, o concurso de murgas e a mostra da parodia, por un importe máximo de trinta e sete mil douscentos cincuenta euros (37.250,00 €)(...)”.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

